

## Esquecemento e actualidade de Nicomedes Pastor Díaz Corbelle

**Carlos Nuevo Cal**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

NUEVO CAL, CARLOS (2011 [2011]). “Esquecemento e actualidade de Nicomedes Pastor Díaz Corbelle”. *Heraldo de Vivero*: 3.770 (16 de setembro), 4-5. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1465>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

NUEVO CAL, CARLOS (2011). “Esquecemento e actualidade de Nicomedes Pastor Díaz Corbelle”. *Heraldo de Vivero*: 3.770 (16 de setembro), 4-5.

\* Edición dispoñíbel desde o 17 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

BICENTENARIO DEL NACIMIENTO DE NICOMEDES PASTOR DÍAZ CORBELLE

# Esquecemento e actualidade de Nicomedes Pastor Díaz Corbelle


**PORTICO**

Onte, 15 de setembro, cumpríronse dous séculos do nacemento en Viveiro de Nicomedes Pastor Díaz Corbelle, considerado por moitos dos escritores da súa época como o máis romántico dos poetas galegos e españois, pertencente a aquela xenial xeración doente que encabezara a nivel europeo o movemento alemán *Sturm und Drang*, dando paso ao romanticismo literario e artístico.

Aínda que Pastor Díaz foi considerado en vida como un importante político e estadista, feito que rematou por esvaer, en grande medida o seu valor literario, non é menos certo que na actualidade a súa figura e obra camiñan cara ao esquecemento, tanto na historiografía literaria española como no mundo da política actual. Por este motivo, aproveitando as páxinas deste especial do *Heraldo de Viveiro*, quixéramos ocuparnos o máis brevemente posible dalgúns aspectos que consideramos fundamentais na vixencia do persoeiro Nicomedes Pastor Díaz.

**PASTOR DÍAZ, HOME DE ESTADO**

Sen dúbida, amplo e interesante resulta o seu inmenso currículo como político e orador parlamentario. Un historial certamente brillante para unha personaxe que finou en 1863, con tan só cincuenta e dous anos, pero en cuxa intensa vida acadou case todos as honras políticas do momento, agás o de Xefe do Goberno. Pastor Díaz, que comezou a súa carreira política dende as escalas máis baixas da Administración Civil, desenvolvida por Javier de Burgos, a imitación da centralizada Francia das prefecturas, iniciouse como oficial segundo na Secretaría da Subdelegación de Fomento en Cáceres, para continuar coa súa imparabile carreira como secretario do Goberno Civil de Santander, Toledo, oficial da Secretaría de Gobernación de Madrid, xefe político (gobernador civil) de Segovia, Cáceres e Toledo, deputado en repetidas ocasións, en 1843 pola provincia da Coruña, ministro en tres gobernos liberais conservadores, secretario do banco de Isabel II, presidente do Real Consello de Agricultura Industria e Comercio, membro numerario das Reais Academias Española da Lingua e de Ciencias Morais e Políticas, reitor da Universidade Central, ministro plenipotenciario das Legacións de España en Parma, Cerdeña, Córsega, Turín e Portugal, Conselleiro de Estado e Senador vitalicio, condecorado con seis grandes cruces da época. Participou activamente na consolidación do estado liberal burgués isabelino de mediados do



Grabado dos actos celebrados en Viveiro no primeiro centenario do Nacemento de Pastor Díaz. A esquerda misa de Réquiem na igrexa de Santa María; arriba, a dereita, procesión cívica pola Praza; abaixo, velada literaria celebrada no Teatro Vello.

século XIX, combatendo ao tradicionalismo carlista e contribuíndo decisivamente na escisión dos liberais en dous bandos antagónicos: o dos *progresistas* e o dos *moderados*, corrente esta última coa que el se identificaría dentro da facción dos denominados “puritanos”.

Semella un tanto estraño o feito de comprobar como unha figura tan destacada do constitucionalismo español do antepasado século, cal foi Nicomedes Pastor Díaz, permaneza na actualidade totalmente esquecida, máxime cando tanto se fala, tanto se ten falado e tanto continúa a falar de constitucionalismo, ben sexa dende o punto de vista conservador, en canto ao mantemento a ultranza da actual carta magna, ou, polo contrario, cando dende ópticas progresistas se incide na necesidade de reformar o actual marco constitucional tendo presente as realidades plurinacionais do estado español.

A grandeza, de Pastor Díaz, dende o noso punto de vista, xurde nun período histórico certamente complicado, onde os denominados “espados” (Espantero, Narváez, O’Donnell) cos continuos movementos de sables, condicionaban totalmente ao nacente estado liberal, aínda moi feble na súa estrutura social, política e económica. Precisamente, será na oratoria e nas análises políticas, administrativas, partidarias e electorais, onde brille con luz propia o esclarecido viveirés. Este considerábase a si mesmo ante todo como un teórico, como un home de pensamento, aberto a todas as correntes filosóficas europeas do momento, ben fose ao doutrinarianismo francés de Royer-Collard, De Broglie, Cousin...ou ao modelo inglés e ao historicismo de

obreiro europeo, por parte da burguesía imperante. Debemos manifestar que temos a sospeita persoal de que a serie de artigos sobre Fourier e o socialismo, publicados anos antes, en 1841, na revista semanal de política, ciencias e literatura: *El Conservador*, pese a carecer de sinatura, ben puideran ser da autoría pastordiana, tendo ademais presente como na mesma revista figuran outros textos do autor viveirés sen sinatura, que logo serían recollidos na súa obra completa, publicada pola Real Academia Española, baixo a dirección de Fermín de la Puente Apecechea.

Outro aspecto, verdadeiramente importante, e que merecería un amplo estudo dentro dos logros políticos e sociais de Pastor Díaz, ten que ver co estudo, deseño e promulgación do articulado da ensinanza secundaria no Estado, unha obra fundamental que tería sido a continuación da famosa Lei Moyano, promulgada uns anos antes.

Chámanos igualmente a atención o feito de que un personaxe tan marcadamente liberal e moderado, como Pastor Díaz, tivera á sazón tan claras as ideas de pluralismo político de defensa do sistema parlamentario, da necesidade de superación do pasado e de confianza no futuro, da liberdade como concepto político e moral, do respecto á lei como norma suprema do xogo político, da separación de poderes, do intento de conxugar catolicismo e liberalismo, e, nunha palabra: a constante busca de consenso e de eclecticismo político que exerceu o noso protagonista ao longo da súa vida, en especial nuns momentos históricos tan complicados como os que lle tocou vivir, nos que os diferentes gabinetes gubernativos sucedíanse constantemente, ao estar expostos continuamente ás intrigas palaciegas e ao control militar.

O ideario político de Pastor Díaz quedou recollido principalmente nas súas obras *La cuestión electoral en diciembre de 1839 y enero de 1840* (Cáceres, 1840) e *Condiciones del Gobierno constitucional en España. A la corte y a los partidos* (Madrid, 1846), ademais doutros diversos artigos publicados nas Obras completas.

Aínda que nos últimos anos a obra política de Pastor Díaz acadou un pequeno pulo da man de estudosos e investigadores tan reputados como: Legaz Lacambra, Ramón Canosa, Galindo Herrero, Castro Calvo, Julio Miñambres, Enrique Tierno Galván, José Luis Prieto Benavent ou Jimé-

(Pasa á páxina seguinte)

*“...brilla con luz propia na oratoria e nas análises políticas, administrativas, partidarias e electorais...”*

*“...logros políticos e sociais de Pastor Díaz, teñen que ver co estudo, deseño e promulgación do articulado da ensinanza secundaria no Estado...”*

Gibbon a través de Guizot. Así, podemos afirmar que o noso protagonista foi quen de abordar sempre calquera estudo ou análise político, social ou filosófico dende unha óptica aberta e receptiva, como fixo cando sendo Reitor da Universidade de Madrid en 1848, ditando dende a prestixiosa cátedra de dereito do Ateneo as súas coñecidas *Lecciones sobre el Socialismo*. Evidentemente, quen isto escribe, convencido marxista, non pode estar de acordo coa maioría das aseveracións e conclusións ás que chegaba Nicomedes Pastor, pero iso non invalida, en absoluto, o seu carácter de adiantado no estudo dos Socialistas Utópicos (Owen, Saint Simón, Fourier), nun ano certamente auroral que comezara como a primavera dos pobos e rematou coa máis grande das represións exercidas ata aquel entón contra o movemento

## BICENTENARIO DEL NACIMIENTO DE NICOMEDES PASTOR DÍAZ CORBELLE

## Esquecemento e actualidade de Nicomedes Pastor Díaz Corbelle

(Ven da páxina anterior)

nez Losantos, que analizaron distintos aspectos ideolóxicos do pensamento político “pastordiano”, certamente aínda precisamos dunha análise en profundidade de todo o seu “corpus ideolóxico”, pois temos a sospeita de que tanto na vida e obra de Nicomedes Pastor, existen moitas facianas escuras ou descoñecidas, como a súa propia evolución política dende os seus anos xuvenís de estudante en Compostela e Alcalá, onde nos atopamos cun poeta, liberal e humorista que daba renda solta aos seus impulsos e sentimentos máis íntimos. Vexamos, como mostra, a seguinte cita entresacada dunha carta inédita de Nicomedes dirixida dende Alcalá de Henares, en 1833, a un ex compañeiro de Fonseca:

(...) “Espero que no tardes en escribirme: no seas pesado; no seas poira, no amueles, no fodas **Ne fornicueris** que dice el Decalogo. Mirate sino en el espejo de Sn. Agustin que desde Africa escribia largas cartas á sus remotos amigos Crisostomo y Ambrosio; y sino en Sn. Pablo cuando escribia a Timoteo, á Tito, á los Romanos, á los Corintios á los Galatas, á los filipenses, y á los de Efeso, **ad Efesios**. Santa Teresa, Baylli, Sn. Juan de la Cruz, el baron de Humboldt, Pascál, Del Pulgar y el Arcipreste de Hita. Con que lo dicho.

A Genton mil especiales memorias: dime que es de Valdespino, y quienes son los Colegiales nuevos de Fonseca, que aún no llegó aquí, á lomenos á mi la fama de sus nombres, bien que D<sup>a</sup> Fama tiene mucho que hacer este año”.

Podemos realmente encaixar a este Pastor Díaz desenfadado, bromista e mesmo irreverente para a época dentro da súa ideoloxía posterior como home de estado, católico e militante moderado?, que foi do mozo exaltado e vitalista da súa primeira época, cando aínda non chegara a entrar na administración civil do novo estado liberal?... Son, evidentemente, cuestións que, de momento, deixamos no aire como meras hipóteses...

#### LITERATO, POETA, ESCRITOR E XORNALISTA

Non menos interesante resulta Nicomedes Pastor dende o punto de vista literario, como ensaísta, conferenciante, xornalista, poeta, biógrafo,

crítico literario e novelista. Un Pastor Díaz que presenta múltiples facianas intelectuais, sacrificadas, en grande medida, en aras da praxe política na súa condición de home de estado, como dixemos.

Grande ten sido o recoñecemento literario de Pastor Díaz en vida, enxalzado e biografiado, entre outros autores contemporáneos seus: Ríos Rosas, Rico Amat, Ovilo, Zorrilla, Juan Valera, Pedro Antonio de Alarcón, Pirala, Andrés Borrego, Campoamor, Fermín de la Puente Apecechea e Cánovas del Castillo, ata chegar aos máis modernos, caso de Emilia Pardo Bazán ou do cubano-viveirés José del Valle Moré e os tamén viveireses Leal Insua e Chao Espina, sen esquecer outras moitas referencias a Pastor Díaz, dentro da literatura romántica española. Non menos abondosas son as investigacións e escritos sobre a obra do noso protagonista, dende o ámbito galego: Murguía, Vicetto, Waldo Insua, Parga Sanjurjo, os irmáns Vilar Ponte, Otero Pedraio, Carballo Calero, Antonio Fraguas, Varela Jácome, Del Riego, José Luis Varela, Emilio González López, Alonso Montero, Luis Caparrós Esperante ou Anxo Tarrío Varela, entre tantos outros. Mais, por desgraza, na actualidade resulta curioso comprobar como Pastor Díaz non deixa de ser un autor secundario na literatura española, fronte a outras figuras de dubidosa superioridade como é o caso do Duque de Rivas, Zorrilla, Espronceda e outros moitos. Si isto acontece no ámbito da literatura española na que o noso protagonista ten escrito poemas tan significativos como: *A la luna*, *La mariposa negra*, *La sirena del norte*, *Mi inspiración* ou a composición en francés *Vie et mor*, entre outras, que non pasará na literatura galega?.

En galego coñécense o poema *Alborada*, datado en 1828 e *Égloga de Belmiro e Benigno*, da que Xosé María Álvarez Blázquez descubriu o manuscrito en 1951. Ademais sábese que o poeta, namorado e ao borde do suicidio, destruíu a maior parte dos seus poemas iniciais. Así, grazas a Waldo Insua, sabemos que entre os poemas desaparecidos figuraba a composición *O paxaro da morte*, destruído durante os primeiros anos na corte matritense. Os motivos?...

A importancia de Pastor Díaz como adiantado do romanticismo foi reivindicada tanto por Manuel Murguía como por Otero Pedraio, ambos os dous identificaron ao poeta viveirés con Chateaubriand e mesmo chegaron a definilo como o poeta máis fondamente pesimista do século XIX. Tal mención equivale a consideralo

“...Pastor Díaz presenta múltiples facianas intelectuais, sacrificadas, en grande medida, en aras da praxe política na súa condición de home de estado...”

“...a súa actividade xornalística acentúase coas campañas políticas realizadas dende as columnas de *El Español*, *El Conservador*, *El Sol* e *El Heraldo*...”

como un dos primeiros románticos españois, que bebería directamente do Werther de Goethe e doutros autores europeos, con tan só dezasete anos. Feito que non é, en absoluto, desbotable, pois pese á censura da época (regreso á Inquisición), semella bastante doado que o mozo Nicomedes dispuxese dun amplo bagaxe bibliográfico a través das bibliotecas familiares, tanto paterna, como dos seus tíos, pois si ben Antonio López Villapol era un dos maiores comerciantes de liño da localidade, tamén desempeñaba os cargos de vicecónsul francés e de apoderado das Reais fábricas de Sargadelos. Por outra banda, outro tío materno era o políglota ou intérprete do peirao viveirés. Con estes antecedentes e co paso do mozo Nicomedes Pastor polas aulas do Seminario de Mondoñedo (1822-25), non sería menos interesante tratar de estudar os seus amores arrebatados e a posible influencia literaria que puido ter sobre o noso protagonista o profesor Antonio María de Castro e Neira, crego de Argomoso, verdadeiro introdutor do prerromanticismo en Galicia a través de Cadalso. Curiosamente, desta etapa iniciática mindoniense semella ser a poesía *Mi reclusión*, composición xuvenil que fai mención á atormentada dor do poeta, ao borde do suicidio pola morte da súa amada “Lina”, esta composición non figura incluída na primeira edición de *Poesías*, publicadas por Pastor Díaz en Madrid, en 1840, logo si figuraría nas súas obras completas.

Dentro do xénero narrativo escribiu *Una cita*, relato curto publicado en folletín (1837) e a novela psicolóxica *De Villahermosa a la China. Coloquios*

*de la vida íntima*, editada a súa primeira parte no periódico *La Patria* (1848) e completamente, en dous tomos na imprenta de M. Ribadeneira (1852).

Como xornalista iniciouse no labor periodístico no xornal *El Siglo* (1834), onde compartiu redacción con Ros de Olano, Ventura de la Vega e José Zorrilla, colaborando igualmente con outros diarios e revistas como *El Artista* (1834-36), *El Correo Nacional* (1834-42), *No me olvides* (1837-38) ou *El Liceo* (1838). Porén a súa actividade xornalística acentúase coas campañas políticas realizadas dende as columnas de *El Español* (1841), *El Conservador* (1841-42), *El Sol* (1842-43) e *El Heraldo* (1842-1854), publicacións nas que ten colaborado con García Tassara, De los Ríos Rosas, Francisco de Paula Cárdenas e Francisco Pacheco, entre outros compoñentes do partido moderado e da facción puritana. Así mesmo publicou diversos artigos en distintos xornais da época como *El Museo Artístico y Literario* (1844), *La Patria* (1848) e *El Trono y la nobleza* (1848).

Non menos interesante foi tamén o rol desenrolado por Pastor Díaz como crítico literario, biógrafo e ensaísta histórico, destacando a súa visión *Del movimiento literario en España* (1837), onde preconiza a exaltación romántica e o europeísmo. Igualmente, na súa última publicación *Italia y Roma: Roma sin el Papa*, o autor viveirés amósanos todas as súas dotes como embaixador e fondo coñecedor das difíciles relacións entre os estados europeos e o Pontificado, nos tempos da unificación italiana.

#### CODA

Moito poderíamos continuar comentando sobre as relacións entre un Nicomedes Pastor Díaz liberal e centralista e a xeración provincialista constituída polos Neira de Mosquera, Carracido, os irmáns Faraldo, o viveirés Cociña, Posada, Puentes Braña, Figueroa, Romero Ortiz e un longo etcétera, xunguidos todos eles pola coincidencia na defensa apaixonada de Galicia fronte ao centralismo ou, mesmo, como Pastor Díaz, logo de morto, foi quen de se converter nun referente nacional para os viveireses e galegos de ultramar. En fin, cuestións todas elas certamente interesantes pero que o tempo e o espazo non o aconsellan.

**CARLOS NUEVO CAL**  
Cronista Oficial  
de Viveiro

